

MEMORIA ESPAZOCOOP 2024



2024: Fortalecendo Raíces, Proxectando Futuro Cooperativo 3

Misión, visión e valores de EspazoCoop 6

Representación e defensa do cooperativismo 8

A representación e influencia
política de EspazoCoop 9

EspazoCoop na representación
e defensa do cooperativismo
en Galicia 11

EspazoCoop na economía
social galega: foro pola
economía social galega 16

EspazoCoop
no marco do cooperativismo
estatal 17

Sectoriais de EspazoCoop 19

Servizos a cooperativas sociais 20

Desenvolvemento empresarial
e consolidación 21

Asesoramento 25

Intercooperación 26

Formación 27

Información 29

Afiliación e datos das socias 30

Fomento do cooperativismo 32

Programas de emprendemento
cooperativo de EspazoCoop 33

Actuacións de promoción
do cooperativismo 37

Actuacións con axentes prescriptores
da fórmula cooperativa 42

Comunicación á sociedade 45

Resumo de prensa 47

2024: Fortalecendo Raíces, Proxectando Futuro Cooperativo

O 2024 foi, sen dúbida, un ano de impulso e consolidación para o cooperativismo galego, e en EspazoCoop vivímoloo como un tempo de avance firme na nosa razón de ser: representar, defender e fortalecer o tecido cooperativo de Galicia.

Desde a nosa creación, temos claro que a representación política, institucional e social do cooperativismo é a nosa prioridade estratéxica. E facémolo desde unha posición consolidada: somos a entidade de referencia do cooperativismo galego, a unión con maior base social en Galicia, o que nos outorga lexitimidade e forza para exercer esa función. En 2024 reafirmamos ese papel mantendo unha presenza activa nos espazos galegos e reforzando os estatais e internacionais dan man de Coceta, con achegas relevantes en procesos de diálogo político e lexislativo. Seguimos participando nas dinámicas de CEPES, aínda que dende xuño de 2024 sen representación directa. E, nun chanzo máis, deu comezo a nosa presenza internacional, grazas á incorporación ao Comité de Xénero da Alianza Cooperativa Internacional (ACI). Un paso que nos permite compartir

a experiencia do cooperativismo galego desde unha mirada feminista e transformadora, no contexto global.

Pero se algo nos emociona especialmente é o dato que define este ano: en Galicia constituíronse 190 novas cooperativas, das cales 171 son de traballo asociado. Esta cifra non só é unha excelente nova para o modelo cooperativo, senón tamén un indicativo de que o ecosistema que vimos construíndo está a dar os seus froitos. Porque en EspazoCoop traballamos para que o cooperativismo non sexa só unha opción viable, senón un camiño sostible, acompañando, formando e tecendo rede para consolidar proxectos que transforman territorios.

Con esta vontade, acompañamos a 125 grupos emprendedores, promovendo a creación de **32 novas cooperativas** cun apoio próximo e personalizado. Desenvolvemos máis de **69 accións**

«Acompañamos a 125 grupos emprendedores, promovendo a creación de 32 novas cooperativas e desenvolvemos máis de 69 accións formativas, de divulgación e de fomento do cooperativismo, que chegaron a máis de 1.000 persoas»

formativas, de divulgación e de fomento do cooperativismo, que chegaron a **máis de 1.000 persoas**, sementando coñecemento e inspiración arredor do modelo cooperativo. Impulsamos procesos de consolidación nos que participaron **177 cooperativas**, fomentando espazos de colaboración que fortalecen a intercooperación e a sustentabilidade dos proxectos. En definitiva, seguimos divulgando, acompañando e consolidando o cooperativismo con máis intensidade e convicción ca nunca.

E todo isto contando cunha estrutura económica sólida, diversa e cada vez máis consolidada. Os convenios de colaboración cos concellos da Coruña e Santiago, xunto coa Deputación da Coruña, reforzaron o noso labor no territorio. A estas alianzas súmanse os fondos procedentes de convocatorias europeas, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e das cotas das cooperativas socias, que xuntas configuran un modelo

de financiamento plural e equilibrado. Esta diversificación dos recursos é clave para garantir a nosa independencia, autonomía e capacidade de acción a longo prazo.

En definitiva, 2024 foi un ano que nos anima a seguir, coas raíces ben fondas e a mirada posta nun horizonte cooperativo que medra con forza. Facémolo ademais coa ilusión e o compromiso redobrado que supón o **2025, declarado pola ONU como Ano Internacional das Cooperativas**, unha oportunidade única para facer visible e reivindicar o papel transformador do cooperativismo a nivel global. Grazas a todas as persoas, cooperativas e entidades que fixeron posible este camiño compartido.

Seguimos!

Ana Olveira Blanco

Presidenta da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Organiza:

Asemblea xeral de socias 2024

espazo coop
unión de cooperativas galegas

Venres 31 maio - 10 h.
Santiago de Compostela

[Hotel NH Collection]

Misión, visión e valores de EspazoCoop

A unión de cooperativas é unha entidade de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que está integrada por cooperativas de distintas clases e multisectorial, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores

Misión

EspazoCoop ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación, e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Visión

EspazoCoop aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

Valores

A unión de cooperativas ten como referencia e marco de funcionamento os seguintes principios e valores compartidos, que forman parte da súa cultura e identidade:

- Aberta e non discriminatoria
- Autonomía e independencia
- Proactividade e participación
- Interese pola comunidade, responsabilidade, e sustentabilidade
- Solidariedade, cooperación, axuda mutua, traballo digno e en equipocolaboración e intercooperación
- Empatía coas persoas e entidades usuarias, e proximidade
- Franqueza, honestidade, transparencia e xestión ética
- Innovación, mellora continua e excelencia
- Auto estima
- Formación continua
- Igualdade de xénero
- Defensa da cultura e da lingua galega

Representación e defensa do cooperativismo

EspazoCoop é un referente no cooperativismo galego, ten vocación de influencia na sociedade e de contribuír na transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social, no marco da economía social e solidaria.

A representación e influencia política de EspazoCoop

Para alcanzar estas metas, EspazoCoop desenvolve un intenso labor de representación e defensa dos intereses do cooperativismo perante terceiros, exercendo tarefas de representación en distintos foros e organismos, públicos e privados, para visibilizar o cooperativismo e defender os seus intereses e potencialidades.

EspazoCoop **a nivel galego** é membro do Consello Galego de Cooperativas (COGACO), do Foro pola Economía Social

(FOROESGAL), está en ACES Galicia e na Comisión Tripartita de Ensino Privado Concertado de Galicia, Consello da Economía Social de Galicia, no Consello Económico de Galicia (CES Galicia), Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) da USC, Pacto Local polo Emprego da Coruña, Consello Económico e Social do Concello de Santiago de Compostela, Rede de Economía Alternativa e Solidaria REAS Galicia, Fiare Banca Ética, Consello Galego de Economía e Competitividade, e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia).

No **ámbito estatal** EspazoCoop é membro da Confederación española de Cooperativas de Traballo Asociado (COCETA), e tamén fai parte da súa comisión executiva. A través dela está representada na Confederación

Empresarial Española da Economía Social (CEPES), e asume a cota territorial representando á economía social no Consello Estatal de Fomento da Economía Social, como membro do grupo de CEPES. Seguindo no ámbito estatal, é membro da Unión Española de Cooperativas de Enseñanza (UECoE).

A presidenta de EspazoCoop, Ana Oliveira, está designada como parte do Grupo de mulleres líderes da Economía Social -MulleresES- creado polo Alto Comisionado para a Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España.

O LABOR DE REPRESENTACIÓN PERMITE:

- Acadar recursos para as cooperativas
- Defender o sector cooperativo
- Acadar financiamento para os servizos e actividade de EspazoCoop
- Visibilizar o cooperativismo

Máis de
60
accións

641.000 €
Recursos e financiamento
para os servizos
de EspazoCoop

Presenza
en **18** redes
e organismos

No **ámbito internacional** participa na Comisión Internacional de Coceta, sendo membro da executiva do Comité de Xénero da ACI (Alianza Cooperativa Internacional). É un comité temático que traballa para promover a igualdade de xénero nas cooperativas e na sociedade. Serve como foro para o debate e o intercambio de ideas e experiencias neste tema e actúa como catalizador do cambio para que a equidade de xénero sexa unha realidade en tódalas cooperativas.

O Consello Reitor e a Presidencia da Unión de Cooperativas EspazoCoop asumen a xestión da representación e defensa do cooperativismo; un equipo composto por 9 persoas socias de cooperativas afiliadas á Unión.

EspazoCoop na representación e defensa do cooperativismo en Galicia

Accións realizadas no ámbito galego

→ **Presentación da II Estratexia Galega de Economía Social** impulsada pola Xunta de Galicia: A Unión asistiu ao acto de presentación da EGAES H27 a principios de 2024 en Ribadavia, co lema: Economía Social para unha Economía Sostible. Ademais, participou na mesa redonda «O presente e futuro da Economía Social Galega» xunto a outras organizacións da economía social galega. Sinalar a **relevancia da Estratexia para o cooperativismo**: pola súa transversalidade, acción cos axentes intermedios, apoio ao emprendemento e consolidación, e polo desenvolvemento da nova lei de cooperativas (31/01)



Presentación da II Estratexia Galega de Economía Social

→ **Xuntanza coa Deputación da Coruña:** EspazoCoop mantivo unha reunión coa deputada de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica, Rosa Ana García, para tratar o convenio de colaboración de fomento do cooperativismo na provincia, dando continuación á colaboración establecida dende

hai varios anos. O convenio 2024 permitiu desenvolver servizos de asesoramento para emprender e consolidar cooperativas, formación do modelo cooperativo para persoal prescriptor, dinamización dos espazos de coworking da Deputación, e celebrar unha xornada sobre cooperativas e sostibilidade (20/02)



Xuntanza coa alcaldesa da Coruña, Inés Rey

→ **Xuntanza coa Alcaldesa do Concello da Coruña:** EspazoCoop reuniuse coa Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, para analizar os logros e resultados dos convenios de colaboración asinados entre ambas dúas entidades (28/02). O convenio en 2024 levou a cabo actividades de acompañamento e asesoramento para crear e consolidar cooperativas, accións de fomento

cooperativo: cos Roteiros Cooperativos por Coruña, e organizar a xornada «As cooperativas, empresas sustentables».

→ **Reunión co Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración:** EspazoCoop reuniuse con José González Vázquez, o novo Conselleiro para analizar o estado do cooperativismo en Galicia, e tratar os temas relevantes para as cooperativas de EspazoCoop e o movemento cooperativo na comunidade, como: actualizar a Lei de Cooperativas vixente en Galicia, para que estea na liña de crecemento do sector dos últimos anos, ofrecéndose a colaborar na súa reforma ao coñecer as principais necesidades e demandas do cooperativismo galego, como é a redución dos trámites e procedementos para crear cooperativas. Ademais, a Unión aproveitou este encontro para salientar a importancia do desenvolvemento da Segunda Estratexia de Economía Social presentada no pasado mes de xaneiro (21/05)

→ **Xuntanza co PSdG:** Representantes de EspazoCoop, reuníronse con José Ramón Gómez Besteiro, Secretario Xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, para abordar a situación e o potencial do cooperativismo en Galicia. Durante o encontro, destacou o Ano Internacional das Cooperativas 2025, como unha oportunidade única



Reunión co Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez

para dar visibilidade e recoñecemento ao modelo cooperativo na sociedade galega e no conxunto do Estado.

- **Reunión co Igape:** EspazoCoop mantivo unha reunión con Covadonga Toca, Directora do Instituto Galego de Promoción Económica, e Natalia Barros, Directora da Oficina Económica de Galicia, dependente do Igape. No encontro abordáronse iniciativas conxuntas para impulsar o modelo

cooperativo como ferramenta clave para o desenvolvemento económico sostible en Galicia. Fíxose fincapé na importancia do acceso a novas vías de financiamento, as preocupacións e necesidades das cooperativas, a necesidade de maior coñecemento institucional do modelo, o recoñecemento do valor social das cooperativas e a importancia de ter en conta as súas peculiaridades organizativas e de xestión para garantir

os accesos aos diferentes recursos que se poñen en marcha, tanto para a creación como para a consolidación do tecido empresarial (16/12)

- **Presentación en rolda de prensa do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e EspazoCoop:** María Rozas, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, e Ana Oliveira Blanco, Presidenta de EspazoCoop, presentaron o programa Ecosistema Emprendedor na Economía Social 2024, co obxectivo de fomentar o cooperativismo e apoiar o emprendemento na economía social na área de Compostela (17/09)
- **Xuntanza coa Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade:** para trasladarlle a problemática existente na xestión de servizos de dependencia que desenvolven cooperativas (Casas do maior), como a que afecta ao recoñecemento da implantación e rexistro de Plans de Igualdade nas cooperativas. (18/07)
- **Xuntanza coa Dirección Xeral de Formación Profesional:** EspazoCoop mantivo unha reunión para dar a coñecer a súa oferta formativa e tratar posibles liñas de colaboración neste eido. (06/06)

- **Reunión coa Deputación de Pontevedra:** a Unión trasladou, na xuntanza mantida, unha proposta de colaboración á Deputación de fomento do cooperativismo no territorio da provincia. (22/01)
- **Reunión coa Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais:** mantívose unha reunión con Pablo Fernández López, Secretario xeral de emprego e relacións laborais, para tratar temas como a nova Lei de cooperativas, o programa ES-Mentoring e a planificación de eventos relevantes como o Ano Internacional das Cooperativas 2025. (18/11)
- **Asemblea de EspazoCoop de planificación anual:** A Unión celebrou coas cooperativas socias unha asemblea extraordinaria para a planificación do ano, en febreiro de 2024 en Vigo.
- **Asemblea xeral de EspazoCoop:** celebrou a súa Asemblea xeral no marco do Día da Economía Social. Aprobou a xestión social, as contas 2023, e o plan de traballo e orzamentos do 2024. Xa no propio acto do Día da Economía Social participou na súa programación (31 maio)
- **Consellos Reitores de EspazoCoop:** realizáronse 9 consellos para tratar a xestión da Unión en 2024.



Asemblea xeral de EspazoCoop, no Día da Economía Social Galega

- **CES:** EspazoCoop asume a representación do Consello da Economía Social de Galicia, no CES-Galicia, como membro de pleno dereito; fai parte da comisión de traballo de «sector público e benestar social» e participa do resto de actividades e propostas, deste organismo consultivo.
- **COGACO, Consello Galego de Cooperativas -Cogaco-:** EspazoCoop participou nas reunións da Comisión

Permanente e o Pleno do órgano consultivo da Xunta, o Cogaco. A Unión negociou sobre axudas e convocatorias do sector cooperativo do 2024: Axudas Aprod, ES Transforma, Bono Consolida, Premios á Cooperación, Cooperativismo no Ensino, etc.

- **Día Internacional do Cooperativismo 2024:** co lema «As cooperativas constrúen un mundo mellor para todas as persoas», celebrouse no Colexio



Asemblea de EspazoCoop de planificación anual

Ángel de la Guarda (A Medoña S. Coop. Galega) o acto conmemorativo organizado pola Xunta de Galicia en colaboración coas asociacións de cooperativas, na que foron entregados os Premios á Cooperación e do Certame de Cooperativismo no Ensino ás cooperativas Árbore Consumo Consciente, A Morada, A Carqueixa, e ao Colexio Mendiño (06/07).

- **Toma de posesión do Presidente da Xunta de Galicia:** EspazoCoop asistiu á toma de posesión de Alfonso Rueda como presidente da Xunta de Galicia (13/04)
- **Día Internacional do Emprendemento:** A Unión asistiu ao acto do Día Internacional do Emprendemento organizado pola Xunta de Galicia, na que foi presentado o Mapa

CONVENIOS ASINADOS EN 2024

- **EspazoCoop e ONCE-Inserta,** únense para fomentar o emprendemento nas persoas con discapacidade
- **EspazoCoop e a Fundación Roberto Rivas,** asinan un convenio de colaboración para fomento do cooperativismo
- **EspazoCoop e Pont-Up Store,** realizan un convenio para impulsar o cooperativismo e formentar o emprendemento

de emprendemento de Galicia, e destacou o papel da Rede de Polos de Emprendemento (16/04)

- **Presentación da Oficina Económica de Galicia:** EspazoCoop asistiu ao acto de presentación da Oficina Económica de Galicia impulsada pola Xunta de Galicia. (22/10)

EspazoCoop na economía social galega: foro pola economía social galega

Accións realizadas no Foroesgal

→ **Foro pola Economía Social Galega - Foroesgal** : EspazoCoop participou nas xuntas directivas; nas xuntanzas con representantes de grupos políticos; na Presentación da convocatoria de axudas do Perte da Economía Social; no Café con Aroma a Economía Social (19/01); na Inauguración da Exposición «Economía Social no corazón da nosa historia» (19/03); Asistiu á Asemblea do Foroesgal (15/05) e participou no Día da Economía Social (31/05).

Arriba, Inauguración da Exposición Economía Social no Corazón da nosa Historia, no Concello de Santiago de Compostela Abaixo, Café con Aroma a Economía Social



EspazoCoop no marco do cooperativismo estatal

EspazoCoop no Encontro estatal de cooperativismo de Trabajo y Enseñanza

Accións realizadas no ámbito estatal

- **Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado -Coceta-**: A Unión participou a nivel estatal na actividade ordinaria de Coceta, unha participación que foi tanto política como técnica, nos distintos grupos de traballo da Confederación (xurídico, formación, normativa laboral e fiscal). Coceta dinamizou o debate, a consulta e a identificación de reclamacións e demandas sobre cuestións específicas e transversais que afectan ás cooperativas.
- **EspazoCoop participou nas executivas, no Consello Reitor, e na Asemblea de Coceta** en Valencia; asistiu á presentación do Ano Internacional das Cooperativas 2025; entrou a facer parte na executiva do Comité de Xénero da ACI (Alianza Cooperativa Internacional), para promover a igualdade de xénero nas cooperativas; e participou no Consejo de Fomento.
- **Unión Española de Cooperativas de Ensino - UECOE-**: EspazoCoop participou na actividade ordinaria de UECOE, asiste á Asemblea xeral o día 13 de xuño, e participa durante 2024 nos seus consellos reitores (4 consellos), celebrados os días 31 de xaneiro, 10 de abril, 18 de setembro e 22 de outubro.





Sectoriais de EspazoCoop

Accións realizadas nas sectoriais

Sectorial de Ensino

- **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:** Aces-Galicia mantivo unha xuntanza coa Dirección xeral para coñecer as súas propostas para o ensino concertado no 2025 (06/02)
- **Participou como Xurado Certame Cooperativismo no Ensino:** nas modalidades de actividades artísticas, actividades cooperativas e proxectos empresariais cooperativos (23/05)
- **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:** Aces-Galicia realizou unha xuntanza coa Consellería no marco da Mesa Tripartita do Ensino Concertado de Galicia. (15/11)
- **Comisión de seguimento do Acordo de Recolocación do Ensino Concertado:** Aces-Galicia participou na comisión de seguimento do Acordo de Recolocación do Ensino Concertado na Dirección Xeral de

Centros e Recursos Humanos (30/05)

- **Mesa Tripartita de Ensino Concertado de Galicia:** Aces-Galicia, participou na reunión da Mesa Tripartita do Ensino Concertado de Galicia (27/06)
- **Acordo coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:** Aces-Galicia asinou o Acordo sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pagamento delegado para os cursos 2024-2025 e seguintes (28/08)
- **Congreso de UECOE:** unha delegación de EspazoCoop participou no XX Congreso estatal das Cooperativas de Ensino de UECOE, celebrado en Valencia os días 22, 23, 24 e 25 de outubro.

Sectorial de Cultura

- **Rede ADIVAL:** a Unión asistiu á presentación da Rede ADIVAL, rede de dinamización cultural no ámbito rural, impulsada pola Xunta de Galicia, no Centro Etnográfico Río Mondego de Curtis. (30/10)
- **Feira das Industrias Culturais e Creativas -Culturgal-:** Asistiu ao Culturgal co cooperativismo cultural e reuniuse con representantes da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e das Deputacións Provinciais de Ourense e Pontevedra. (29/11)

Sectorial de Asesoría Consultoría

Celebrou a súa xuntanza anual, formación, e revisou a marca de **EspazoCoop «ExpertCoop»** -Asesoramento Experto para Cooperativas-, unha marca en asesoría cooperativa que garante a calidade e solvencia dos servizos de xestión e asesoramento das cooperativas adheridas. Dende a Sectorial ademais, iniciaron os traballos para crear ExpertCoop Consultoras, unha potencial variante da marca que canalizaría a experiencia e solvencia en servizos de consultoría máis amplos.

Sectorial de Consumo

Participou na xornada do **Programa Consolida+**, na que presentou a Sectorial de Consumo e promoveu o seu potencial, como forma de colaboración entre cooperativas do mesmo sector. Ademais, iniciou un proceso de conversacións con representantes das cooperativas de consumo afiliadas a EspazoCoop para detectar intereses de cara a futuras actuacións de promoción do cooperativismo de consumo.

Servizos a cooperativas sociais

Desenvolvemento empresarial e consolidación

Es-Mentoring: acompañando á economía social

- **Catálogo da Rede de Mentorías da Economía Social.** EspazoCoop e a Xunta de Galicia dinamizaron a creación dunha [Rede de persoas mentorías que prestan mentoring especializado](#), co fin principal de apoiar a consolidación das cooperativas e entidades da economía social galega. Elaborouse un catálogo virtual de profesionais expertas en diversas áreas co fío común da súa solvencia e experiencia no sector da economía social, composto por preto de 70 persoas.
- **Avaliación de mentorías para mellorar e consolidar.** Realizouse un proceso de avaliación e análise das mentorías do Programa ES-Mentoring das últimas edicións, co fin de medir o impacto do servizo. En 2024 fixéronse entrevistas e enquisas a 28 entidades, con resultados satisfactorios.





Sesión do encontro ES-Mentoring

→ **Encontro ES-Mentoring.** Celebrouse o Encontro de intercambio ES-Mentoring «Rede de Mentorías da Economía Social», o 6 de novembro, destinado ás persoas mentoras das edicións 2022 e 2023 e ás entidades mentorizadas nesas edicións. Serviu para aumentar o coñecemento de cara a encaixar a demanda e a oferta de mentoring. Participaron 23 persoas de quince entidades.

Programas de acompañamento para consolidar cooperativas

→ **Deputación Provincial da Coruña.** EspazoCoop, co apoio da Deputación da Coruña no marco do seu convenio de colaboración, ofreceu asesoramento e acompañamento para consolidar cooperativas no territorio da provincia da Coruña. Contou cun

fondo de 140 horas para un servizo *ad hoc* que deu como resultado, a atención de 36 cooperativas.

→ **Concello da Coruña.** En colaboración co Concello da Coruña, EspazoCoop tamén prestou un servizo de consolidación empresarial destinado a cooperativas do concello, con 120 horas de atención prestadas no espazo municipal Centro de Empresas Accede Papagaio, deu como resultado o acompañamento de 9 cooperativas en 2024.

Programa Consolida+

EspazoCoop co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia), puxo en marcha o Programa Consolida+ que acompañou ás socias e órganos directivos na xestión das cooperativas, identificando potenciais melloras e oportunidades de crecemento.

Consolida+ proporcionou recursos de auto diagnose e planificación para optimizar a xestión e o rendemento das empresas cooperativas. Como resultados destacados, citar a realización de 720 horas de titorías personalizadas en temas como a análise social, a modificación de estatutos, resolución de conflitos, planificación económico-financeira e mellora comercial.

Consolida+ tamén ofreceu formación sobre ferramentas básicas de xestión (36 h), celebrou 2 encontros temáticos (enfocados na xestión cooperativa e a difusión de boas prácticas), e realizou 3 vídeos de experiencias cooperativas que fixeron visibles casos de éxito, as cooperativas: [Miraxe](#), [Árbore](#), [Consumo Consciente](#) e [Aventeira](#).

No Programa participaron 48 cooperativas de toda Galicia. No curso en liña vinculado a Consolida+ participaron 13 cooperativas.



Sesión da Xornada Consolida+ [Fotografía: Tako Group S. Coop. Galega]

Talento cooperativo

A Unión de Cooperativas EspazoCoop, a Xunta de Galicia e o consorcio de socias de ES Factory (no marco de Interreg España-Portugal) lanzaron Talento Cooperativo, un programa para dar apoio á función de xerencia en cooperativas. Ofreceu 4 bolsas para apoiar procesos de mellora en cooperativas. A través da incorporación dunha persoa con formación empresarial na empresa, realizouse un labor de análise. As bolsas ademais, contan cun programa de formación teórico-práctico para as bolseiras. En 2024 as catro cooperativas beneficiarias foron: A Talangreira do Beque, Miudiño, Cofepa e Simbiosis.



Miudiño e Simbiosis foron dúas das cooperativas beneficiarias das bolsas de Talento Cooperativo

Asesoramento

Servizo de apoio na xestión de cooperativas

En 2024 as socias de EspazoCoop empregaron o servizo de consultas para a xestión cooperativa no que se abordan temas xurídicos e da sociedade, contables, fiscais, laborais, sobre axudas e subvencións específicas para o sector cooperativo, asesoría xurídica de educación, ou mediación coa Administración para aquelas cooperativas asociadas que o precisan, entre outros.



Asesoramento a Alalá S. Coop. Galega

Intercooperación

Programa de intercooperación

EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia) realizaron un Programa de Intercooperación para fomentar a colaboración, tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da economía social e solidaria. Facilitou o coñecemento mutuo, a abordaxe de temas de interese comúns e a procura de solucións mediante estratexias de cooperación. En 2024 celebráronse 4 encontros con tres sectoriais de EspazoCoop: Sectorial de Asesorías e Consultorías, Sectorial de Ensino, e Sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente. Neles participaron 52 cooperativas (69 persoas).

O programa completouse con asesoramento a proxectos de colaboración, un total de 40 horas con dúas cooperativas Fylsem S. Coop. Galega e Cerne S. Coop. Galega, que se centrou na definición da marca da Unión: ExpertCoop -asesoramento experto para cooperativas-.



Formación

Formación para cadros directivos

Celebrouse o curso en liña «Formación para cadros directivos de cooperativas», de 25 h., que abordou as condicións para unha óptima xestión da empresa cooperativa, a mellora da función directiva, o acceso a recursos de interese, e a xeración de redes de intercambio e colaboración. Estivo destinado a socias con responsabilidades de xerencia, e participaron 20 persoas a través da Aula Virtual de EspazoCoop. O curso realizouse co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o Fondo Social Europeo Plus e Cepes.

Formación comercial: coopera, comunica e vende

EspazoCoop, a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o Fondo Social Europeo Plus e Cepes, Impartíuse o curso en liña «Formación comercial: coopera, comunica e vende», de 25 h., para capacitar en temas de xestión comercial, coñecer sistemas de comercialización,



FORMACIÓN COMERCIAL
COOPERA, COMUNICA E VENDE

Formación en liña. 25 horas
Do 11 ao 27 de setembro 2024

ferramentas e habilidades que permitisen mellorar no ámbito comercial. No curso participaron 24 persoas na Aula Virtual de EspazoCoop. A formación executouse en colaboración coa Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o FSE Plus e Cepes.

Formación especializada para cooperativas

EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela, no marco do seu convenio de colaboración, desenvolveron o Programa de Formación Especializada para Cooperativas, conformado por 4 cursos: «Xestión de cooperativas: facturación e fiscal», «Xestión laboral de cooperativas», «Intercooperación: poñendo en valor a cultura de cooperar», e «Organización e xestión societaria en cooperativas». O programa impartiu 20 horas de formación e participaron 47 persoas.



Formación especializada

Servizo de comunicacións por email

Enviáronse 60 comunicacións con información relacionada coa publicación de convocatorias de axudas, premios, formación, programas, convites a actos, feiras, ofertas, etcétera.

Boletíns semanais

Envío de 40 Boletíns electrónicos con información das actividades, programas, servizos e accións de representación de EspazoCoop, novidades do sector, actividades sectoriais e outros temas.

Actualización da web

Actualizouse semanalmente a web da Unión, con contido relacionado coa actividade que desenvolve, convocatorias, fomento do cooperativismo, ou actualidade cooperativa. Renováronse os apartados de proxectos, servizos, financeiras, e outros contidos. Actualizouse con frecuencia semanal as referencias e o acceso ás bases reguladoras de axudas e licitacións publicados en diarios oficiais, de interese para cooperativas socias.

The screenshot displays the EspazoCoop website interface. At the top, there's a header with language options (Galego, Español) and social media icons. Below is a navigation menu with links like Inicio, A Unión, Asociarse, Cooperativismo, Servizos, Proxectos, Recursos, Aula, and Contacto. The main content area features a large banner for "juntas por la economía social" with a caption about Galicia's representation. To the right, a "Destacados" sidebar lists featured news items. Below the banner, a grid of four buttons offers links to "EMPRENDEMENTO COOPERATIVO", "FORMACIÓN", "DIRECTORIO DE COOPERATIVAS", and "OFERTAS COOPERATIVAS". A video player shows a meeting. The footer contains sections for "Actividades", "Convocatorias", and "Novas", each with a featured item.

Afiliación e datos das socias

Ampliar a base social fortalece a capacidade de representación e de defensa do cooperativismo galego. En Galicia hai 2.014 empresas cooperativas.

Durante o ano 2024 **asociáronse 24 novas** cooperativas á Unión de Cooperativas EspazoCoop. O conxunto de socias alcanza, ao peche da memoria social 2024, **279 cooperativas**.

Por territorios



Por tipos de cooperativas



Socias traballadoras e socias de consumo

- Total de socias cooperativistas **2.465**
- **1.228** socias traballadoras
- **1.237** socias de consumo

Mulleres cooperativistas

- Mulleres cooperativistas **1.517**
- **61,54 %** do total de socias
- **58 %** das persoas socias traballadoras
- **65 %** das persoas socias de consumo

Consolidación e desenvolvemento cooperativo

Participantes en iniciativas, servizos e programas

454

Persoas beneficiarias de formación

104

Cooperativas en programas de consolidación, acompañamento, e asesoramento

125

Cooperativas en programas de intercooperación

52

Fomento do cooperativismo

Programas de emprendemento cooperativo de EspazoCoop

EspazoCoop emprende. O futuro é cooperativa

A Unión de Cooperativas EspazoCoop, o Fondo Social Europeo Plus e Cepes lanzan en 2024 EspazoCoop Emprende, no marco do Programa de Emprego, Formación, Educación e Economía Social (EFESO). Un programa para dar impulso á creación de emprego formando cooperativas ata o ano 2029, que está conformado como un servizo de dinamización, apoio e acompañamento para emprender en réxime de cooperativa, con itinerarios personalizados de emprendemento en economía social. En 2024 levou a cabo actividades de sensibilización, formación e asesoramento a grupos pre-cooperativos, apoio na constitución da cooperativa, nos trámites das axudas, e ofreceu servizos na fase semente (ata os 18 meses de vida) mediante acompañamento e formación para a consolidación da empresa cooperativa.



The poster features a pink background with a large, stylized circular graphic in the center. Inside the circle, there are four black and white portraits of smiling people. The text 'O TEU FUTURO É COOPERATIVA' is written in bold, black, uppercase letters across the middle of the circle. In the top left corner, the 'espazocoop EMPRENDE' logo is displayed. At the bottom, there are four logos: 'es Invertimos en economía social' (with a star icon), the European Union flag with 'Cofinanciado por la Unión Europea', the 'cepes' logo, and the 'espazo coop unión de cooperativas galegas' logo.

espazocoop
EMPRENDE

O TEU FUTURO
É COOPERATIVA

es Invertimos en
economía social

Cofinanciado por
la Unión Europea

cepes

espazo coop
unión de cooperativas galegas

A súa xornada de presentación «EspazoCoop Emprende. O teu futuro é cooperativa», o 29 de maio de 2024, foi o evento público co que a Unión anunciou este servizo á sociedade e á cidadanía, destacando as súas potencialidades para apoiar o emprendemento, mostrando casos e boas prácticas de emprendemento cooperativo.

A iniciativa ten o respaldo do traballo de comunicación sobre EspazoCoop Emprende, coa creación dunha [páxina web](#) con recursos, novas, entrevistas e información, unha imaxe e lema de seu que reforza a promoción do servizo e do modelo empresarial cooperativo, accións periódicas nas redes sociais da Unión, material de promoción (folletos e carteis), publicidade do servizo en medios dixitais, e notas de prensa para medios.

+Coop

EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia) desenvolveron o Programa +COOP: apoio na creación de cooperativas, cuxa finalidade foi asesorar e acompañar a grupos de persoas que promoveron a constitución de empresas cooperativas na comunidade.

EspazoCoop contou durante 2024 cun fondo de **400 horas** para prestar o servizo, sendo a Unión **unha entidade**

de referencia en Galicia na promoción das cooperativas, e un dos puntos aos que acudir para coñecer como poñer en marcha unha empresa deste tipo. Este programa deu como resultado a atención de 18 grupos emprendedores e 134 persoas que estaban interesadas en

crear unha cooperativa, das cales o 62% eran mulleres, constituíndose finalmente 12 cooperativas de varios sectores de actividade, principalmente do sector servizos e do sector dos coidados. Por provincias, 11 grupos de Pontevedra, 4 de Ourense, 2 da Coruña e 1 de Lugo.



Presentación de EspazoCoop Emprende

EspazoCoop Acompaña

(Concello da Coruña)

A Unión de Cooperativas EspazoCoop e o Concello da Coruña prestaron no concello un servizo de acompañamento para formar novas empresas cooperativas (e consolidar ás que xa estean en funcionamento) a través dun fondo de 120 horas que foi prestado no espazo municipal Centro de Empresas Accede Papagaio. Durante o 2024 os resultados na liña de emprendemento foron: a atención de 2 grupos de emprendemento, e a constitución dunha cooperativa.

ES-FACTORY. Rede de aceleradoras de economía social en actividades emerxentes

A Unión de Cooperativas EspazoCoop, a Xunta de Galicia e o consorcio de socias de ES Factory (Agaca, Aesgal, USC, Utad, TecMinho e In Cubo), no marco de Interreg España-Portugal (PocTep), desenvolveron a Rede de aceleradoras de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal.

O 3 de xullo, no Museo do Mar de Vigo, participou na Xornada de lanzamento de ES Factory, cooperación

transfronteiriza para potenciar a economía social e o cooperativismo, na que EspazoCoop presentou o programa de actuacións a realizar, entre outras: a identificación de oportunidades de negocio na economía prateada.

Na liña de fomento do emprendemento, abriu un proceso para identificar oportunidades de negocio na economía prateada (Call da Economía Prateada) e elaborou o Informe «Retos e Oportunidades da Economía Prateada», cuxos resultados presentáronse nun Evento de difusión de oportunidades de negocio detectadas polos socios nas economías azul, prateada, laranxa, amarela e verde, o día 9 de decembro, que foi organizado pola Xunta de Galicia.

EspazoCoop, como parte do traballos levados a cabo en ES-Factory, realizou o estudo «Consolidación do nexo entre economía dos coidados e economía social», para contribuír á presenza do cooperativismo e a economía social neste sector.

Por último, participou na elaboración da «Axenda Intersectorial para o Impulso da Economía Social como Catalizador da Economía Laranxa como Sector Emerxente», para analizar o sector da economía laranxa e o potencial de creación de empresas de economía social neste sector.



Presentación de ES-FACTORY

Acompañando para emprender

(Deputación da Coruña)

EspazoCoop realizou asesoramento e acompañamento para emprender en réxime de cooperativa no territorio da provincia da Coruña. Realizou 2 procesos personalizados de análise da viabilidade para constituír cooperativas, atendéronse dous grupos de emprendemento que están en proceso de creación da empresa cooperativa, grazas ao apoio da Deputación da Coruña.

Apoio ao Emprendemento

(Concello de Santiago de Compostela)

En colaboración co Concello de Santiago de Compostela, executouse un servizo de apoio ao emprendemento cooperativo que deu como resultados a atención de 6 grupos de emprendemento (49 persoas), e 2 cooperativas constituídas.

SERVIZOS DE ATENCIÓN PARA CREAR COOPERATIVAS

32
COOPERATIVAS
CREADAS

275
PERSOAS
ATENDIDAS

125
PROXECTOS

74
EMPREGOS
CREADOS

Actuacións de promoción do cooperativismo de EspazoCoop

EC4RURAL, comunidades enerxéticas

EspazoCoop, a UVigo e o consorcio de socias do proxecto europeo EC4RURAL, desenvolven esta iniciativa que ten como prioridade asegurar que as comunidades rurais europeas participen e se beneficien da transición cara ás enerxías limpas a través da creación de comunidades enerxéticas.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop como socia de EC4Rural participa nel para contribuír a sensibilizar, dinamizar, formar e acompañar ás persoas dos concellos rurais de Galicia que promovan comunidades enerxéticas organizadas baixo modelos cooperativos e de economía social. Durante 2024 participa en 14 xornadas dos concellos galegos: Muras, Valadouro, Avión, Mazaricos, Tomiño, Becerreá, Monterroso, Ourel, Sober, Palas de Rei, A Pobra de Brollón, Silleda, Vedra, e Outes. Asiste ao Encontro do Consorcio de Ec4rural en Tartu



(Estonia), participa no encontro «Ec4rural en conexión co territorio: sinerxías cos Grupos de Desenvolvemento Rural», e colabora no desenvolvemento de contido formativo para o Curso sobre Comunidades Enerxéticas (Módulo: Cidadanía Enerxética). Realizou en 2024 un total de 17 actividades.

**SOMOS
COOP
SOMOS
TOP!**

Somos Coop, Somos Top

EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia) desenvolveron a iniciativa Somos COOP, Somos TOP, un relanzamento en redes sociais da segunda campaña Somos Coop, que tivo por obxectivo facer visible as cooperativas en Galicia e aumentar o sentimento de pertenza ao movemento cooperativo. A campaña tivo unha duración de tres meses, fomentou o orgullo cooperativo e resaltou o impacto positivo deste modelo empresarial na sociedade galega. Durante o 2024 a campaña destacou os valores do cooperativismo e o seu papel na construción dun modelo económico sostible e responsable. Entre os valores que promoveu estaban a igualdade, a sostibilidade, a transparencia, a responsabilidade social e o apoio á comunidade.



Como resultados: realizáronse publicacións en 3 redes sociais -facebook, instagram e x- máis de 40 posts e 8 reels. Creáronse máis de 15 creatividadeas, actualizouse o logotipo da campaña, e producíronse 200 adhesivos do mesmo. Acadáronse máis de 20.000 persoas de alcance, máis de 24.000 impresións, e máis de 3.600 interaccións.

Roteiro cooperativo

Roteiro da Coruña

EspazoCoop e o Concello da Coruña, desenvolveron en 2024 o Roteiro Cooperativo da Coruña para promoción e divulgación do modelo cooperativo. Realizáronse 2 Roteiros nos que se visitaron 3 cooperativas da cidade: Alén, S.Coop.Galega, Hábitat Social, S.Coop. Galega e Tako, S.Coop. Galega. Participaron na actividade 2 centros de ensino e 31 persoas.

Roteiro de Santiago de Compostela

Realizáronse 4 Roteiros no Concello de Santiago de Compostela, para coñecer 4 cooperativas: AlmaZen de Ioga, Númax, Comunidade creativa, e Conservatorio Histórico de Santiago. Participan 61 persoas.

En 2024 o Roteiro Cooperativo tivo 6 edicións, seis roteiros nos que participaron 92 persoas, en 2 cidades da comunidade.



Itinerarios de formación cooperativa para emprender

EspazoCoop, a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o Fondo Social Europeo Plus e Cepes, realizaron 3 itinerarios formativos en liña na Aula Virtual de EspazoCoop, para impulsar o emprendemento en réxime de cooperativa dirixidos ao colectivo da mocidade, ao ámbito rural e a mulleres, respectivamente. Desenvolveu en 2024: 3 cursos de Emprendemento en Cooperativa, 3 cursos de Habilidades para o Traballo en Equipo nas Cooperativas e 3 cursos de Desenvolvendo a Idea Cooperativa. Participaron nas accións formativas —como casos reais— as cooperativas: Skeirrum, A Talangreira do Beque, e Amarelas. En total, 9 cursos nos que participaron 176 persoas, impartíndose 225 horas de formación.

Charlas: sensibilización para o emprendemento cooperativo

Realizáronse 10 actividades de divulgación sobre o modelo cooperativo «E ti, Coñeces a Fórmula?», no marco do «Programa de Sensibilización para o Emprendemento Cooperativo», destinadas a aumentar



Charlas de sensibilización para o emprendemento cooperativo

o coñecemento e a comprensión sobre os valores e vantaxes de emprender en cooperativa, así como concienciar á xente sobre a súa relevancia no fomento da economía local e apoderar ás comunidades e a determinados colectivos e ámbitos: rural, mulleres, mocidade, etc., por ser unha ferramenta idónea nos procesos de participación e colaboración. Durante 2024 desenvolveu sesións en:

Ordes, Ribeira, Mos, O Porriño, Boiro, Vilanova de Arousa, Oleiros, A Laracha e Sada. Participaron -como casos reais- as cooperativas: Arreda, Kracia, Ribeirán, Lenda Educativa, Navia e Deva, Rayados, Pulponor, Espaço Vivo, e Alalá. En total 10 charlas, nas que participaron 156 persoas e 10 cooperativas, realizadas co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o FSE Plus e Cepes,

Xornadas

As cooperativas empresas sostibles

EspazoCoop e o Concello da Coruña realizaron a xornada «As cooperativas empresas sostibles», para facer visibles as achegas que as cooperativas fan á sustentabilidade, a integración nelas dos principios de sustentabilidade, tanto a nivel de goberno como de autoxestión de actividades, que contribúen a unha maior calidade do ecosistema da cidade, e coñecer boas prácticas cooperativas: Alén, Aventureira, Nakeep, Ás do Social, Labrecos e MedAtlantia.

Mulleres líderes na economía social

EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela, desenvolveron a xornada «Mulleres líderes na economía social», co fin de dar visibilidade ás fórmulas empresariais da economía social como favorecedores do liderado das mulleres. O cooperativismo é unha opción que facilita o emprendemento de mulleres, recoñece as súas capacidades e fomenta a súa posición a nivel empresarial. Realizouse ademais un [recurso audiovisual](#) da xornada e interviñeron boas prácticas: Condes de Albarei S. Coop. Galega, Miraxe S. Coop. Galega, CEE Accede



Social, EIL Corno Integral, Urdime S. Coop. Galega, Alén S. Coop. Galega, As Vacas da Ulloa S. Coop. Galega.

As cooperativas ferramentas para o desenvolvemento sostible

EspazoCoop e a Deputación da Coruña, desenvolven a xornada «As cooperativas ferramentas para un desenvolvemento sostible», para abordar a contribución

das cooperativas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), e como poden ser axentes de cambio nas Axendas Urbanas, e mostrar casos e boas prácticas (Árbore Consumo Consciente S. Coop. Galega, Feitoría Verde S. Coop. Galega, e Aventureira S. Coop. Galega).

En 2024 realizáronse 3 xornadas para facer visible e fomentar a vía cooperativa, nas que participaron 100 persoas.

Programa de formación en cooperativismo - Daveiga

EspazoCoop colaborou con Daveiga Galletas Mariñeiras no desenvolvemento do seu «Programa de Fomento do Desenvolvemento Rural Sustentable a través da Economía Social e a Innovación nos Centros de Ensino».

O dito proxecto pretende promover a cultura emprendedora, a economía social, e a innovación no ámbito rural galego, destinando as súas actividades ao alumnado de centros de formación profesional, bacharelato e mestrados universitarios. En 2024 EspazoCoop impartiu un obradoiro de cooperativismo no IES Val do Asma (Lugo), de nove horas no que participaron 8 persoas.

Curso: coñece as cooperativas de traballo asociado

EspazoCoop e Coceta celebraron un curso presencial sobre cooperativas de traballo asociado de oito horas de duración no que participaron 19 persoas.

Actuacións con axentes prescriptores da fórmula cooperativa

Formación para prescriptoras

A Unión de Cooperativas EspazoCoop e a Deputación da Coruña realizaron en 2024 o curso en liña «Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social» de 40 horas, que estivo destinado e enfocado a persoas prescriptoras de emprego e emprendemento para dar a coñecer o cooperativismo e formar sobre as empresas cooperativas no que participaron 24 persoas a través da Aula Virtual de EspazoCoop.

Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social

Un curso en liña gratuito para persoas prescriptoras de emprego e emprendemento

Do 4 ao 30 de novembro de 2024

40 horas. Con 3 sesións virtuais de aprendizaxe, o 5, 19 e 28 de novembro de 11 a 12.30 h.





Coworkings da Deputación da Coruña

Coworkings da Deputación da Coruña

EspazoCoop e a Deputación da Coruña desenvolveron en 2024 unha iniciativa de dinamización da Rede de Coworkings da Deputación e dos seus servizos de promoción económica e emprego dos concellos que acollen



Rede Conecta Emprego Vigo

estes espazos de traballo. O obxectivo foi contribuír a xerar un ecosistema de emprendemento en cooperativa.

Como resultado desta intervención foron visitados 11 coworkings e o seu persoal técnico nos concellos de: A Pobra do Caramiñal, A Capela, Ames, As Pontes, Boiro, Brión, Miño, Moeche, Oleiros,

Santiago de Compostela, e Vedra. Nas visitas e reunións mantidas creouse unha rede de contactos e coñecemento mutuo, no que se presentaron os intereses e os servizos dos coworkings, e por outra parte, presentouse EspazoCoop, explicando os servizos que presta para impulsar e fomentar o emprendemento cooperativo, e para apoiar o cooperativismo en xeral.

Rede Conecta Emprego Vigo

EspazoCoop participou no encontro de traballo da Rede Conecta Emprego Vigo do mes de outubro en 2024, para presentar e dar a coñecer a Unión de Cooperativas e os seus servizos entre persoal técnico das entidades que fan parte da Rede. Un conxunto de máis de vinte organizacións sociais e administración pública da cidade de Vigo que contan con dispositivos e unidades de apoio ao emprego e o emprendemento. Entidades participantes: 11.

FOMENTO DO COOPERATIVISMO

MÁIS DE
62
INICIATIVAS

56
ENTIDADES
COLABORADORAS

MÁIS DE
1000
BENEFICIARIAS

Comunicación á sociedade

Relación con medios de comunicación

Do traballo realizado polo Gabinete de prensa institucional resultaron un total de 20 notas de prensa enviadas a medios galegos sobre EspazoCoop e o sector cooperativo.

- Número de impactos e novas publicadas: **90 impactos**
- Audiencia acumulada: **10.897.055 millóns de audiencia**

Presenza durante 2024 da Unión de Cooperativas EspazoCoop nos medios de comunicación

Radios

- Cadena Ser: Galicia Santiago | Coruña | Pontevedra
- Intereconomía
- Onda Cero: Vigo | Pontevedra | Coruña | Santiago
- Radio Galega: Santiago
- Cope Galicia | Coruña | Santiago | Pontevedra
- Radio Voz Galicia | Coruña | Santiago | Pontevedra
- ES Radio

Xornais

- Atlántico Diario
- 21 Noticias
- Ideal Gallego
- Radio Voz Galicia
- Diario de Ferrol
- Diario de Arousa
- Diario Bergantiños
- Faro de Vigo
- El Correo Gallego
- La Voz de Galicia

Xornais on line

- Faro de Vigo
- Ideal Gallego
- La Vanguardia
- Diario Siglo XXI
- Nós Diario
- Galicia Confidencial
- Xornal de Compostela
- El Correo Gallego
- La Voz de Galicia
- Diario de Santiago
- Hoy Diario
- A Coruña Xa
- Nós Televisión
- Disinoticias

Axencias de novas

- Europa Press
- Servimedia
- Galicia Press

Televisión

- TVG

Boletíns e produtos comunicativos

EspazoCoop elaborou e distribuíu 40 [boletíns electrónicos](#) durante 2024, que se envían a máis de 1.000 destinatarias. Elabora un Catálogo de Cooperativas Culturais, Folleto EspazoCoop Emprende-O futuro é cooperativa, a Memoria Social 2023, o Catálogo 2024, e un Dossier e Argumento da Unión.

Web e redes sociais

EspazoCoop actualizou semanalmente contidos na súa web, e estivo activa en internet e nas redes sociais co obxectivo de manter relación co público para divulgar e difundir contido de EspazoCoop, fomentar o cooperativismo e informar sobre o sector cooperativo galego, que dá como resultado:

- N° de visitas á web: 51.550
- Seguidores en redes sociais: 7.228
- Alcance en redes sociais: 158.151
- N° publicacións na web: 163
- N° publicacións en redes: 717
- N° vídeos elaborados para redes: 9



[Fotografía: de Tako Group S. Coop. Galega]

Resumo de prensa

El Ideal Gallego, 20/02/ 2024:
«La Diputación destaca que con el apoyo a las cooperativas se crea empleo y se fija población en el rural»

<https://www.elidealgallego.com/articulo/area-metropolitana/diputacion-destaca-apoyo-cooperativas-crea-empleo-fija-poblacion-rural-4728465>

21 Noticias, 20/02/2024:
«A Deputación da Coruña e EspazoCoop impulsan o cooperativismo e a economía social na provincia»

<https://21noticias.com/2024/02/20/a-deputacion-da-coruna-e-espazocoop-impulsan-o-cooperativismo-e-a-economia-social-na-provincia/>

La Vanguardia, 20/03/2024:
«Inserta Empleo y EspazoCoop firman un convenio para promover el emprendimiento entre las personas con discapacidad»

<https://www.lavanguardia.com/sociedad/20240320/9573552/inserta-empleo-espazocoop-firman-convenio-promover-emprendimiento-personas-discapacidad-agenciaslv20240320.html>

Servimedia, 20/03/2024:
«Inserta Empleo y EspazoCoop firman un convenio para promover el emprendimiento entre las personas con discapacidad»

<https://www.servimedia.es/noticias/inserta-empleo-union-cooperativas-espazocoop-unen-para-fomentar-emprendimiento-personas-discapacidad/1410119546>


Galicia Press, 21/05/2024:
«Cooperativas piden al conselleiro de Emprego menos burocracia en la actualización de la ley que data de 1998»

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2024-05-21/4839516-cooperativas-piden-conselleiro-emplego-menos-burocracia-actualizacion-ley-data-1998>

Galicia Press, 29/05/2024:
«El proyecto EspazoCoop asesorará la creación de 120 cooperativas hasta 2029 para dar trabajo a cerca de 200 desempleados»

<https://www.galiciapress.es/articulo/ultima-hora/2024-05-29/4848693-proyecto-espazocoop-asesorara-creacion-120-cooperativas-hasta-2029-dar-trabajo-cerca-200-desempleados>





Nós Diario, 29/05/2024: «O proxecto EspazoCoop asesorará a creación de 120 cooperativas até 2029»

<https://www.nosdiario.gal/articulo/traballo/proxecto-espazocoop-asesorara-creacion-120-cooperativas-ate-2029/20240529133220198989.html>

Xornal de Compostela, 29/09/2024: «Obxectivo EspazoCoop: crear case 200 postos de traballo asociado ás cooperativas galegas»

<https://xornaldecompostela.gal/mov-sociais/4521-obxectivo-crear-case-200-postos-de-traballo-asociado-as-cooperativas-galegas/>

TVG, 30/05/2024: «En 2023 constituíronse en Galicia 50 proxectos de autoemprego coa fórmula de cooperativas»

<https://www.g24.gal/-/en-2023-constituironse-en-galicia-50-proxectos-de-autoemprego-coa-formula-de-cooperativas>

Faro de Vigo, 27/06/2024: «EspazoCoop presentará en La Moda Rural Lab los resultados del plan de asesoramiento a cooperativas»

<https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/2024/06/27/espazocoop-presentara-moda-rural-lab-104362200.html>

La Vanguardia, 8/07/2024: «Galicia destaca su apoyo a la economía social para la generación de un empleo inclusivo»

<https://www.lavanguardia.com/economia/20240708/9790381/galicia-destaca-apoyo-economia-social-generacion-empleo-inclusivo-agenciaslv20240708.html>

El Correo Gallego, 8/07/2024: «O cooperativismo e a economía social facturan en Galicia 3.000 millóns e supoñen o 4,5% do PIB»

<https://www.elcorreogallego.es/concellos/2024/07/08/o-cooperativismo-economia-social-facturan-105369887.html>

O cooperativismo e a economía social facturan en Galicia 3.000 millóns e supoñen o 4,5% do PIB

A presentación en Silleda dos resultados do programa +COOP puxo en valor a importancia deste sector na nosa comunidade

IRIA GOSSENDE
Silleda

Este luns celebrouse en Silleda a xornada de presentación de resultados do programa +COOP de apoio ao emprendemento 2024, organizada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop, en colaboración coa Xunta de Galicia e diversas entidades. Esta xornada ten como obxectivo principal visibilizar proxectos de emprendemento baixo a fórmula cooperativa, amosando diferentes experiencias das beneficiarias deste programa.

O sector da economía social e o cooperativismo facturou o pasado ano en Galicia case 3.000 millóns de euros, o que representa un 4,5% do PIB galego. Un dato moi positivo e que, en parte, se deben ás diferentes axudas e iniciativas que leva a cabo o Goberno galego para impulsar este sector. Así, o bñico: no mencionado acto a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, María Mariño, quen

destacou os programas de apoio económico que desenvolve a Xunta a través da Rede Eusumo, iniciativa que presta apoio directo en asesoramento á creación e consolidación de emprego no ámbito da economía social. A xornada realizouse no Rural Lab La Moda de Silleda, sede na zona de Pontevedra-Norte e Rías Baixas da entidade Polo de emprendemento e apoio ao emprego, unha rede que

O programa autonómico está destinado a informar á cidadanía sobre a creación de empresas cooperativas

O orzamento da Xunta para a economía social neste ano 2024 supera os corenta e tres millóns de euros

acompañou xa a máis de dous mil proxectos empresariais en toda a comunidade galega.

Esta iniciativa, desenvolvida no período 2023-24 pola Unión de Cooperativas EspazoCoop en colaboración cos Rede Eusumo da Xunta de Galicia, ten como finalidade principal prestar servizos de apoio, orientación ou asesoramento á cidadanía para crear as súas propias cooperativas dunha forma viable. Durante a xornada de este finxose valoración do programa e realizouse un coloquio no que compartiron experiencias algunhas das cooperativas participantes.

Apostá pola economía social

A Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración está a destinar neste exercicio máis de 43,6 millóns de euros á economía social e, en canto ao cooperativismo, o orzamento destinado ás axudas aumentou un 6,7 por cento con respecto a 2023.



Representantes das entidades organizadoras xunto coas asistentes á xornada / JAVIER LALÍN BERNARDE

Faro de Vigo, 9/07/2024: «O programa +COOP pecha en Silleda logo de crear doce cooperativas en toda Galicia»

<https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/2024/07/09/o-programa-coop-pecha-silleda-105377816.html>

6 DEZATABEIROS



La Moda Rural Lab acolleu onte a xornada de presentación de resultados do programa. // Bernabé/José Lali

O programa +COOP pecha en Silleda logo de crear doce cooperativas en toda Galicia

Atendeu a 134 persoas, das que o 62% eran mulleres, interesadas en poñer en marcha 18 entidades ▶ As empresas constituídas levan asociados 26 novos postos de traballo

XAN SALGUEIRO
SILLEDA

Silleda acolleu onte a presentación de resultados do programa +COOP de EspazoCoop, un proxecto que ten o obxectivo principal de prestar servizos de apoio á cidadanía para crear empresas de economía social e acceder con ela ao emprego, mediante a fórmula do autoemprego colectivo. A Unión de Cooperativas EspazoCoop vén desenvolvendo este programa no período 2023-2024, en colaboración coa Xunta de Galicia, Cepes e o Fondo Social Europeo Plus. O seu balance foi de doce cooperativas constituídas, cunha creación asociada de 26 postos de traballo.

Case 3.000 millóns de euros anuais de facturación no sector

A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, María Mariño, que interveu na clausura da xornada, subliñou os apoios e liñas de actuación da Xunta orientadas a impulsar o cooperativismo e a economía social, co obxectivo de que sigan sendo modelos de éxito de emprendemento en Galicia, un sector que o ano pasado facturou case 3.000 millóns de euros e que representa un 4,5% do PIB galego. Mencionou os programas de apoio económico, de asesoramento e acompañamento, de formación e a realización de actividades divulgativas que desenvolve a Xunta a través da Rede Easumo, que presta apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, asesorando a persoas e entidades interesadas en emprender neste ámbito.

Desde Easumo ten por finalidade asesorar e acompañar a grupos de persoas que promoven empresas cooperativas, de xeito gratuito en todo o ámbito de Galicia. Desde outubro de 2023 véñense beneficiando destas accións máis de 1.000 persoas e colectivos usuarios desta iniciativa, que dá apoio á cidadanía para acceder ao emprego mediante a organización de proxectos laborais cun modelo cooperativo, ofrece soporte para organizar a súa actividade laboral con este tipo de empresas de autoemprego colectivo. +COOP facilita orientación, información, asesoramento e acompañamento especializado para facer dunha idea de negocio e das actividades profesionais, proxectos cooperativos viables, económica e socialmente rentables. En concreto presta orientación para coñecer o modelo cooperativo; análise da idea inicial de actividade laboral; apoio na elaboración do plan de empresa; elaboración de estatutos sociais; asesoramento no financiamento; apoio na tramitación das axudas; e constitución formal da cooperativa.

Diario de Santiago, 17/09/2024: «Santiago acollerá a xornada «Mulleres, líderes na economía social» organizada polo Concello e EspazoCoop»

<https://www.diariodesantiago.es/santiago/santiago-acollera-a-xornada-mulleres-lideres-na-economia-social-organizada-polo-concello-e-espazocoop/>

Galicia Press, 27/09/2024: «EspazoCoop y Xunta colaboran en la consolidación de más de 40 cooperativas»

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2024-09-27/5012937-espazocoop-xunta-colaboran-consolidacion-40-cooperativas>

Diario de Santiago, 1/10/2024: «Éxito na xornada «Mulleres líderes na economía social» celebrada en Santiago»

<https://www.diariodesantiago.es/santiago/exito-na-xornada-mulleres-lideres-na-economia-social-celebrada-en-santiago/>

Diario de Santiago, 7/10/2024: «EspazoCoop lanza a segunda campaña Somos Coop destacando o impacto positivo das cooperativas en Galicia»

<https://www.diariodesantiago.es/galicia/espazocoop-lanza-a-segunda-campana-somos-coop-destacando-o-impacto-positivo-das-cooperativas-en-galicia/>

DS Diario de Santiago.es

LO ÚLTIMO SANTIAGO GALICIA COMARCAS OPINIÓN SUCECOS CONCEPTOS TENDENCIAS REPORTES GALERÍAS

EspazoCoop lanza a segunda campaña Somos Coop destacando o impacto positivo das cooperativas en Galicia

Lo más leído de la semana

Canales Rivera: "Cada vez que llevo a Santiago siento la misma emoción"

"Islem dice: No quiero pelear con Ila Topuria" y la gente pide "¿quién es el campeón?", por qué", el ex campeón Daniel Cormier defiende al daguestani

Times Square y Nueva York vibran con una noche de boxeo histórica: López domina, Romero sorprende y Haney decepciona

Muere Juan Ramón González, la voz valenciana que unió música, televisión y fútbol

As Tarrugueiras, actuación estelar de las fiestas de la Ascensión 2025 en Santiago

Cinco películas imperdibles que capturan el espíritu del Camino

Ila Topuria impresiona con su nuevo físico mientras la UFC se va hasta las montañas del Daguestán para convencer a Makhachev

Mayo es el mes de Topuria: el anuncio oficial de la pelea está a caer mientras surge un nuevo posible rival por el título

Un espejismo brillante: la felicidad

Galería: Así es la Oficina de Acogida al Peregrino de Santiago de Compostela

Además de dar a conocer el trabajo que realizan las cooperativas, la iniciativa pretende implicar a las cooperativas sociales y a otras entidades, animándolas a sumarse y compartir el orgullo de formar parte del movimiento cooperativo. Entre los valores que se promoverán a lo largo de la campaña destacan la igualdad, la sustentabilidad, la transparencia, la responsabilidad social y el apoyo a la comunidad.

A campaña Somos Coop busca también fortalecer el sentimiento de pertenencia de las cooperativas al movimiento cooperativista, que agrupa más de 1.000 millones de personas en el mundo y crea más empleo que las grandes multinacionales. Este movimiento global, que apuesta por la sustentabilidad y la igualdad, es una alternativa sólida para emprendedores que buscan poner en marcha proyectos basados en principios de cooperación, democracia y responsabilidad social.

A campaña incluye la distribución de recursos promocionales físicos y digitales para facilitar la participación de las cooperativas. EspazoCoop proporcionará un vinilo con el logotipo Somos Coop a las cooperativas gallegas, un distintivo que podrán colocar en sus centros de trabajo para identificarlos como parte del movimiento. Además, dispondrán de un kit de creatividade digital para su uso en sus redes sociales, con el objetivo de que cada cooperativa pueda personalizar a su mensaje y sumarse a la campaña colectiva.

Las cooperativas sociales tendrán un papel protagonista en esta campaña, ya que serán incluidas en vídeos, fotos e enquisas que destacarán el su labor diario. Estas acciones, que se difundirán a través de las redes sociales, buscan fortalecer a la imagen de las cooperativas y promover un consumo responsable entre la ciudadanía.

Hoy Diario, 15/11/ 2024: «La Coruña celebra una jornada sobre el cooperativismo como modelo de negocio sostenible, destacando la colaboración entre el Concello y EspazoCoop»

<https://hoydiario.es/noticias/galicia/cooperativas/promocion-cooperativismo-sostenible-la-coruna.html>

La Voz de Galicia, 11/12/2024:
«El presidente de la Diputación de A Coruña destaca la importancia del cooperativismo en el desarrollo del rural»

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosagro/sostenibilidad/2024/12/11/presidente-diputacion-coruna-destaca-importancia-cooperativismo-desarrollo-rural/00031733941936990871511.htm>

Europa Press, 11/12/2024:
«El presidente de la Diputación de A Coruña destaca la importancia del cooperativismo en el desarrollo del rural»

<https://www.europapress.es/galicia/agro-00246/noticia-presidente-diputacion-coruna-destaca-importancia-cooperativismo-desarrollo-rural-20241211182501.html>

Nós Tv, 16/12/2024:
«O Igape e EspazoCoop xuntan forzas para que o cooperativismo sexa un motor dentro da economía sostible en Galicia»

<https://nostelevisión.gal/o-igape-e-espazocoop-xuntan-forzas-para-que-o-cooperativismo-sexa-un-motor-dentro-da-economia-sostible-en-galicia/>

La Voz de Galicia

Nuevas newsletters exclusivas Descúbrelas

SOMOSAGRO

Patrocinado por Santander Agro Infórmate aquí

GANADERÍA AGRICULTURA FORESTAL SOSTENIBILIDAD AYUDAS

SOMOSAGRO

El presidente de la Diputación de A Coruña destaca la importancia del cooperativismo en el desarrollo del rural

SOMOS AGRO REDACCIÓN



UTACIÓN DE A CORUÑA | EUROPA PRESS

De 1.900 cooperativas registradas en Galicia, unas 800 están en municipios pequeños

11 dic 2024 · Actualizado a las 20:36 h.

Comentar · 0

En Galicia hay registradas unas 1.900 cooperativas. de ellas unas 800 se ubican en pequeños municipios rurales. De ahí que como explicó el presidente de la Diputación de A Coruña, Valentín González Formoso, durante la jornada **Las cooperativas como herramienta para un desarrollo sostenible**, «o cooperativismo ten unha grande importancia no desenvolvemento do rural» porque crea empleo y actividad económica que contribuye a la fijación de población.

La jornada, organizada por la Unión de **Cooperativas EspazoCoop** en colaboración con la Diputación de A Coruña, se celebró en el Pazo de Mariñán y forma parte del programa de actividades conjuntas desarrollado en el 2024. El acto reunió a más de medio centenar de profesionales, cooperativistas y representantes de administraciones públicas para reflexionar sobre el papel de las cooperativas en la consecución de los **Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS)** y en la implementación de la **Agenda 2030**.

También en La Voz



El cóncave, en dir negra: de moment

MARIA VIÑAS

La Aemet activa la fuertes lluvias en la de Lugo, Ourense y

NÓS TELEVISIÓN UNHA VOZ POR TODAS GALICIAS PROGRAMAS CONTACTO PUBLICIDADE

nós televisión

ENTREVISTAS LUSOPONÍA REPORTAJES MÚSICA MORE ACCEDER

O Igape e EspazoCoop xuntan forzas para que o cooperativismo sexa un motor dentro da economía sostible en Galicia

O fortalecemento das cooperativas en Galicia converteuse no eixo central da xuntanza que mantiveron representantes de EspazoCoop, a Unión de Cooperativas de Galicia, xunto con Covadonga Toca, Directora do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), e Natalia Barrios, Directora da Oficina Económica de Galicia, dependente do Igape. Sobre a mesa, o obxecto de mirar cara ao modelo cooperativo como unha ferramenta clave para o desenvolvemento económico sostible en Galicia.

Como fortalecer ás cooperativas galegas?

Na xuntanza, debatíronse aspectos clave para o fortalecemento das cooperativas en Galicia, facendo hincapi na importancia do acceso a novas vías de financiamento. EspazoCoop, como principal entidade representativa do sector cooperativo en Galicia, trasladou ás directores as preocupacións e necesidades das cooperativas, subliando cuestións como a necesidade de maior coñecemento institucional do modelo, o recoñecemento do valor social do modelo cooperativo e a importancia de ter en conta as peculiaridades organizativas e de xestión das cooperativas para garantir o acceso aos diferentes recursos que se poñen en marcha tanto para a creación e consolidación do tecido empresarial.

Durante a reunión, tamén se exploraron posibles liñas de colaboración a medio e longo prazo para promover o emprego de calidade, o desenvolvemento rural e a igualdade de oportunidades no tecido económico galego através do modelo cooperativo.

2025, Ano Internacional das Cooperativas

Creación de cooperativas

32 cooperativas creadas

75 empregos xerados

125 proxectos

275 persoas atendidas

Fomento do cooperativismo

69 iniciativas

Máis de 1000 beneficiarias

56 entidades colaboradoras

Consolidación de cooperativas

454 participantes nas iniciativas

125 cooperativas en programas de consolidación

52 cooperativas en programas de intercooperación



2024

Fortalecemento asociativo

279 cooperativas socias

24 novas cooperativas asociadas

2465 cooperativistas

61,35 % mulleres cooperativistas

Representación e defensa do cooperativismo

Máis de 60 accións institucionais

18 redes e organismos

Recursos e financiamento

643.300 €

Comunicación

Prensa: 90 impactos

Prensa: 10 millóns de audiencia

Visitas web: 51.550

Seguidores en redes sociais: 7.228

40 boletíns electrónicos

Unión de Cooperativas Galegas

EspazoCoop

Tel.: 981 575 578

Correo: info@espazo.coop

www.espazo.coop

